# PLAN DE CONTINXENCIA

Tal e como indica a normativa este Plan de Continxencia ten por finalidade establecer os procesos para o reinicio da actividade académica presencial do CEIP Luis Seoane, no caso de que se teña interrompido a actividade lectiva como consecuencia da aparición dun abrocho que supoña o cese da actividade presencial nun aula/etapa educativa do centro.

## ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓN DUN ABROCHO

**1.** **Non asistirán ao centro** aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan **síntomas compatibles con COVID-19**, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19.

**2.** Diante dun suposto no que se sospeite que unha persoa do centro comeza a desenvolver síntomas compatibles con COVID-19 esta deberá illarse no **espazo separado de uso individual** (habilitado previamente na planta baixa do centro), acompañado dunha persoa ao seu coidado. Ambos provistos de máscara cirúrxica e, contactarase coa familia, no caso de afectar ao alumnado.

**3.** Débese **chamar ao centro de saúde de Atención Primaria de referencia, ou ao teléfono de referencia do SERGAS** e seguiranse as súas instrucións. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061.

O/A traballador/a que inicie síntomas debe abandonar o seu posto de traballo protexido por máscara, e logo deberá seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.

**4.** No suposto da aparición dun caso, ou dunha sospeita, de coronavirus nun centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a **persoa coordinadora** do equipo formado na COVID-19 **contactará coa Xefatura Territorial de Sanidade** para comunicarllo. Será a propia Xefatura Territorial de Sanidade quen investigará os contactos que existan dentro do centro e os identificará, enviando a listaxe de contactos á Central de Seguimento de Contactos (CSC) quen se encargará da vixilancia evolutiva das persoas identificadas como contactos. Estas terán a consideración de contactos estreitos dun caso de Covid-19 e deberán estar en corentena no seu domicilio durante o período que sinale a xefatura de sanidade.

5. **5 A familia** dun neno ou nena con **sospeita de contaxio**, d**eberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra** para que este avalíe a necesidade de s**olicitude dun test diagnóstico**. Se non houbese cita para ese mesmo día, acudirá ao PAC para a valoración polo médico de atención primaria.

6. **Tras a aparición dun caso** diagnóstico da Covid 19 seguíranse as recomendacións da Xefatura Territorial de Sanidade, sendo posible que nun centro teña que **estar illada unha parte do centro educativo** (aula ou grupo de aulas) mantendo o funcionamento do resto da forma habitual en función do número de contactos identificados en cada abrocho.

7. **A autoridade sanitaria**, en coordinación coa Consellería de Educación determinará en cada caso o **número de persoal e alumnado afectado e a duración das medidas de corentena** o que se comunicará ao equipo COVID do centro para a súa comunicación á comunidade educativa, sen prexuízo da información que sexa facilitada pola autoridade sanitaria.

8. **A autoridade sanitaria**, en función do número de contaxios, **poderá ordenar o peche dunha ou varias aulas**, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade de conformidade con seguintes supostos:

- A aparición **dun único caso** confirmado nunha aula poderá supoñer a **entrada en corentena da totalidade do grupo que conforma a aula e do profesorado asignado** a ese grupo.
- Cando exista unha detección de **3 casos positivos confirmados nos últimos 7 días** poderase acordar a medida do **peche do nivel educativo completo** onde xurdira o abrocho **ou**, de ser o caso, **da totalidade do centro educativo.**

9. A aparición dun **contaxio sospeitoso con posterior confirmación** é un suposto de **declaración obrigatoria** que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de **entrada en corentena de polo menos 10 días** a todas as persoas que teñan a consideración de contacto próximo.

10. **A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación** das normas previstas no presente protocolo relativas ao **ensino a distancia**. Aos efectos de determinación do nivel de risco a autoridade sanitaria poderá volver a avaliar o pase ao nivel de riscos NR 2 para os supostos de consideración de vulnerabilidade e de cualificación de persoal sensible.

## ACTUACIÓNS PARA O PERÍODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL

**11.** **O ensino non presencial** será impartido polo **profesorado ordinario** do alumnado preferentemente **a través da aula virtual** de cada grupo. O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles os cales poden ser achegados polo profesorado ou ben poderán ser os que poña a disposición a Consellería.

Igualmente o/a profesor/a poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen o contido da materia ou a avaliación continua da mesma.

**12.** **O equipo COVID do centro identificará ao alumnado que teña dificultades de conexión** ou falla de equipamento para que a consellería adopte as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos.

**13.** Para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincidan co tempo de suspensión.

**14.** Durante o período de **suspensión da actividade presencial** o centro educativo ten previstas as seguintes **medidas**:

a) **Manter o contacto permanente co alumnado ( a través de medios telemáticos)** e cas súas familias, tanto para coñecer a evolución do estado de saúde como para continuar co ensino a distancia.

b) **Actualizar a aula virtual** dos niveis afectados para garantir a continuidade no proceso de ensino-aprendizaxe.

c) **Realizar tarefas de desinfección** profundas no centro.

d) **Revisar o protocolo** para buscar posibles erros e facer as modificacións que se estimen oportunas.

e) **Coordinar** co profesorado implicado as **quendas** de organización das fases.

# MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL

Finalizado o período de peche presencial da aula, nivel educativo ou centro realizarase un proceso de reactivación por fases para o reinicio da actividade lectiva.

As fases establecidas para a reactivación son orientadoras, existindo a posibilidade de modificar tanto a súa duración como a porcentaxe do alumnado incluído en cada fase. O modelo a aplicar correspóndelle á Consellería de Educación co asesoramento da Consellería de Sanidade.

Sen prexuízo das medidas xenéricas establecidas no protocolo aprobado polas consellerías de Educación e Sanidade o centro ten previsto as seguintes **fases de reincorporación**:

## Fase 1 - Adecuación dos espazos

**Duración**: (por determinar) Aínda que pode ter unha duración variable, aconséllase que sexa dunha semana. Nesta primeira fase, previa ao reinicio da actividade, será o equipo COVID do centro quen estableza as actuacións a desenvolver, en colaboración coas autoridades sanitarias e educativas.

**Obxectivos:**

- Análise da situación dos espazos e as súas necesidades.
- Desinfección de todos os espazos
- Revisión do plan de adaptación buscando posibles erros na redacción ou na execución.

## Fase 2 - Formación de pequenos grupos

**Duración:** 1 semana

A porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea será do 33 % en grupos de máis de 20 alumnos e do 50% en grupos de menos de 20 alumnos

***Obxectivos***:

- Formar ao alumnado na importancia das medidas de distanciamento físico, utilización demáscara e de hixiene de mans.
- Combinar o ensino presencial e a distancia.
- Revisión das actividades realizadas no período de ensino telemático.- Avaliación desa etapa.

### Fase 3 - Reforzo das medidas aprendidas en pequenos grupos

**Duración**: (3 xornadas lectivas)

A porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea será do 50 % en grupos de máis de 20 alumnos e do 100% en grupos de menos de 20 alumnos

**Obxectivos**:
- Comprobar a adquisición das medidas adquiridas en pequeno grupo
- Empregar o ensino presencial para resolver dúbidas e poñer en práctica os contidosexpostos na aula virtual,

### Fase 4 - Fase de reactivación

**Duración**: (2 xornadas lectivas)

Retorno a actividade presencial da totalidade do alumnado

**Obxectivos**:

- Realizar unha avaliación do desenvolvemento das fases- Comprobar o grao de adquisición do traballado.
- Realizar unha avaliación sobre os contidos adquiridos neste período.
- Volver á dinámica de clases presenciais, pero sen abandonar o emprego da aula virtualpara as tarefas e para complementar as aprendizaxes na casa.

En Canide, Setembro 2020

A Dirección

# PLAN DE ENSINO VIRTUAL ANTE A COVID-19

Tal e como indica a normativa este Plan de Ensino Virtual ante a Covid-19 ten por finalidade establecer os procesos educativos que seguiremos a partires de 3º de Educación Primaria, no caso de que se teña interrompido a actividade lectiva como consecuencia da aparición dun abrocho, corentena ou confinamento total que supoña o cese da actividade presencial nun aula/etapa educativa do centro. Serán as pautas para desenvolver o ensino a distancia no noso Centro e aínda que falaremos das pautas xerais que se levarán a cabo en todos os niveis no caso de confinamento, cuarentena parcial ou total dunha clase, realizaremos un desenvolvemento máis minucioso dos cursos de 3º, 4º, 5º e 6º de Educación Primaria, tal e como se determina *Resolución da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se ditan instrucións para a elaboración de horarios nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2020-2021 para o desenvolvemento de ensino a distancia en períodos de peche de aulas ou centros como consecuencia da pandemia da COVID-19*. .

## ORGANIZACIÓN PREVIA DO ENSINO VIRTUAL

- O mesmo día do peche a Dirección do Centro enviará unha **comunicación** a través da aplicación de **AbalarMóbil** e publicará unha **mensaxe na Web do Cole**.
- Elaborará unha mensaxe ou vídeo explicativo para que as familias podan seguir o ensino virtual presentando a metodoloxía e recursos que se van a utilizar.
- Durante o proceso de confinamento, cuarentena total o parcial, o principal mecanismo de comunicación entre Centro e Familias será nosa **Páxina Web**, onde realizarase unha entrada diaria para manter o contacto e actualizar a información. Ademáis será o mecanismo de acceso directo ás aulas virtuais e blogues educativos.
- Durante este proceso, o Equipo Covid, Departamento de Orientación e Titores, establecerán e determinarán as **dificultades que os alumnos e alumnas teñan para levar a cabo o ensino a**

**distancia**, buscando posibles solucións. Así mesmo, realizaremos un listado actualizado do alumnado do noso Centro en situación de fenda dixital e a enviaremos á Inspección Educativa para solicitar os equipos e dispositivos necesarios para solventar esa fenda dixital e que os nenos e nenas podan seguir o ensino a distancia sen ningún problema tecnolóxico.

- **O ensino non presencial** será impartido polo **profesorado ordinario** do alumnado preferentemente **a través da aula virtual** de cada grupo. O profesorado, en función da súa situación persoal, no caso dun confinamento, decidirá se impartirá a docencia virtual desde o Centro ou desde o seu domicilio, no caso de dispoñer dos medios adecuados para realizar esta modalidade.
- Cada grupo de aula ou nivel establecerá o seu horario diario cubrindo, como mínimo, un **60% da carga lectiva semanal de cada materia** e destinará un **40% restante ás tarefas** que realizará o propio alumnado dende casa.
- O ensino a distancia desenvolverase a través das **Aulas Virtuais** de cada un dos niveis educativos (en 3º e 4º de Educación Primaria- haberá unha por nivel educativo) e das plataformas **Edixgal** (5º e 6º de Educación Primaria). Todos os nenos e nenas están dados de alta nas mesmas e os titores e titoras teñen un **email de contacto** coas familias que tamén están rexistrados nas plataformas para establecer un contacto directo, complementando o servizo **Abalarmóbil e o teléfono de contacto.**
- Dunha maneira complementaria e simultánea, os titores e mestres especialistas deberán establecer **conexións por videoconferencia - Webex ou Falemos** - (informando previamente ao alumnado correspondente - establecerase en cada horario de grupo) e que poida haber unha marxe para solventar posibles dificultades técnicas. Ademáis, realizaremos antes, nas clases presenciais, algunha proba para familiarizar aos mestres e nenos e nenas no seu manexo.
- **Avanzarase nos contidos da materia** e establecerase en cada nivel e en cada materia os **procedementos de avaliación a distancia.** Ademáis, cada mestre, a diario, recollerá as faltas de asistencia ás videoconferencias e actividades interactivas establecidas previamente.
- Adicarase, **unha titoría ás familias e unha titoría a alumn@s** semanais, dentro do horario lectivo, para poder manter o contacto e comprender a situación de cada un e solventar as dificultades.
- Complementariamente, poderemos, **adicar unha reunión por videoconferencia á semana** para a coordinación docente, CCP ou claustros necesarios para o desenvolvemento da función docente. Así mesmo, no caso de ser necesario, as avaliacións realizaránse a través de conexións virtuais dos equipos docentes, nas datas sinaladas e aprobadas polo claustro, establecendo un horario pechado para non solapar as sesións.
- Previamente á aplicación deste plan, os mestres titores **recollerán as dificultades técnicas**

(falta de equipamento ou de conexión) que podan ter no seu grupo de referencia e informarán dos mesmos á **Dirección** e esta será a encargada de informar á **Inspección Educativa** quen intentará solventar estas dificultades coordinada con AMTEGA.

- O **Departamento de Orientación** guiará e atenderá ao alumnado con necesidades educativas e coordinará o seu traballo cos titores e mestres especialistas. Nestes casos poderase **adaptar o horario e metodoloxía** ás capacidades destes alumnos buscando sempre a mellora no proceso educativo.
- O Equipo Directivo compartirá un documento cos mestres e especialistas para que sinalen, semanalmente, as **dificultades atopadas** durante o proceso de ensino - aprendizaxe, e proceder a informar á Inspección Educativa das mesmas.

## O DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN NO ENSINO VIRTUAL

Durante o peche ou confinamento continuaremos ca labor docente tal e como establece a normativa vixente . A atención ao alumnado que deba permanecer en aillamento , mesmo cando non se produza o peche ou confinamento da aula ou centro, responderá ao previsto no artigo 25 do Decreto 229/2011 polo que se regula á atención á diversidade así como ao Apartado 3 do Protocolo de Atención Educativa Domiciliaria.

Garantirase en todo momento a atención á diversidade do alumnado para o cal se disporán os recursos organizativos e didácticos necesarios que, con carácter individualizado, respondan ás súas necesidades, con especial atención ás adaptacións curriculares e aos protocolos de atención á diversidade, de ser o caso.

O exposto anteriormente concretízase en :

1. Identificar necesidades educativas : Seguiremos na tarefa de identificar necesidades educativas: no centro, nas aulas e en alumnos en concreto á demanda das titorías, familias ou outros posibles axentes externos.
2. Asesoramiento psicopedagógico ao profesorado e ao alumnado: Intentaremos ofrecer criterios, pautas, fundamentos, recursos...pedagóxicos e psicolóxicos que permitan tomar decisións e actuacións oportunas.

Manteremos un contacto permanente e continuo ca comunidade educativa (a través das aulas

virtuais, blog do DO, mail de orientaseoane@gmail.com ) de forma que se podan intercambiar opinións e experiencias, así como pedir axuda.

3. Asesoramento ás familias na súa labor educativa : Atenderemos ás familias para asesoralas , proporcionarlles apoios e pautas que lles permitan actuar con seguridade nesta modalidade de escolarización.

4. Coordinación con outros recursos: Continuaremos sempre que sexa preciso ca coordinación con outros axentes internos (coidadoras, persoal non docente si ha lugar) e externos. Servizos médicos, pediatras, USMIX, Psiquiatría infantil, Servizos sociais …

- **Intervención, comunicación e seguimento do alumnado:**

Dada a particularidade do noso traballo contamos cunha coordinación previa xunto coas titoras para intervir e deseñar actividades axeitadas a este alumnado. O DO conta cun Blog https://orientaseoane.wordpress.com/ no que se elaboran actividades pensando no noso alumnado que serán colgadas nas aulas virtuais do curso correspondente.

Ademais das actividades, contamos con conectarnos a través das plataformas autorizadas, desde o colexio ou domicilio, para contactar co alumnado ben por videochamada ou ben por móbil para contribuír xunto coas titoras á boa marcha do proceso de ensinanza.

En definitiva, estaremos abertas á atención directa cos nenos e á elaboración de material axeitado para cada caso dos que atende.

**Especificacións das actuacións do DO, mestras especialistas:**

- **Pedagoxía Terapeútica 1:**
  - **Nº de alumnos a atender:**
  - 3 alumnos de 3º de primaria A, 1 alumno de 4º de primaria B, 2 alumnas en 6º B e 2 alumnos de 6ºC.
  - **Actividades previas ao Ensino Virtual:**
    - A intervención en **3º nivel** faise no ámbito lingüístico e matemático, no caso de dúas alumnas e outro en matemáticas no caso dun alumno con TEA.
    - En **4º,** a intervención faise en matemáticas no caso dun alumno con TEA.
    - En **6º**, en 6º C a intervención realízase no ámbito lingüístico e matemático; en 6º B

o apoio realízase no ámbito matemático.

- **PT 2:**
    - **Características do alumnado que se atende :** Atención ao alumnado de EI e 1º - 2º de EP. Presentan NEE e NEAE derivadas de: TEA, TEL, TDAH, DEA, Discapacidade intelectual, X-Fráxil, Trastorno global do desenvolvemento…
    - **Actividades previas ao Ensino Virtual:** Elaboración de material seguindo pautas do DO e en coordinación cos titores/as . Aproximadamente o 80% do apoio é dentro da aula ordinaria.
        - **5º e 6º EI:** Reforzo nas rutinas do aula: asamblea; traballo, xogo, participación nas tarefas, técnicas de modificación de conducta, reforzo positivo… (Alumnado con TEA, TDAH, discapacidade intelectual, X-Fráxil).
        - **1º EP**: intervención orientada ás matemáticas no caso de alumnado con discapacidade intelectual, trastorno global do desenvolvemento e dificultades específicas do aprendizaxe.
        - **2º EP**: intervención nas áreas instrumentais básicas no caso de alumnado con TEL, TDAH, DEA, etc.
- **PT 3:**
    - **Características do alumnado que se atende :** Atención ao alumnado de 3º, 4º e 5º de EP. Dito alumnado presenta NEAE derivadas de: TEA, TEL, TDAH, dificultades de aprendizaxe...
    - **Actividades previas ao Ensino Virtual :** Elaboración de material seguindo pautas do DO e en coordinación cos titores/as. A maior parte das intervencións realízanse dentro da aula ordinaria, agás certas sesións con algún aumnado que se levan a cabo na aula específica de PT.
        - **3º EP:** Intervención dentro e fora da aula, centrada, fundamentalmente, na área matemática, aínda que con apoio noutras materias.
        - **4º EP**: Intervención dentro da aula centrada na mellora da conducta e nas diversas áreas.
        - **5º EP**: Intervención realizada, fundamentalmente, dentro da aula nas áreas instrumentais básicas. En cambio, con algún alumnado refórzase dita intervención mediante algunha sesión orientada ás matemáticas levada a cabo na aula de PT.
- **Audición e Linguaxe 1:**

· **Características do alumnado que se atende :** Atención ao alumnado, de 6ºA de EI, 1ºB de EP, 2ºA de EP, 4ºB e 6ºA, que presenta NEE e NEAE derivadas de: TEA, deficiencia auditiva,

dislalias, TEL, TDA-H, trastornos da fala e DEA.

- **Actividades previas ao Ensino Virtual**

- A intervención co alumnado atendido das aulas de 4ºB e 6ºA faise dentro da aula ordinaria ou na aula de AL en función dos obxectivos e contidos a traballar e previo consenso e coordinación coas titoras.

    - En tódolos casos a intervención realízase no ámbito comunicativo_lingüístico.

- **<u>Audición e linguaxe 2:</u>**
- **Características do alumnado que se atende :** Aténdese a alumnado de E.I, 1º, 2º, 3º e 4º que presentan NEE e NEAE derivadas de: TEA, ASPERGER, TDHA, X-FRÁGIL e dificultades na articulación.
- **Actividades previas ao Ensino Virtual:**

  En 5º e 6º de E.I realízase unha intervención na comunicación e linguaxe, traballando o desenvolvemento dos prerrequisitos básicos, expresión, comprensión, e uso da linguaxe.

  En 1º e 2º a intervención realízase no ámbito da comunicación e a linguaxe. Traballando o desenvolvemento dos prerrequistos linguísticos, expresión, comprensión, uso da linguaxe e procesos de lectoescritura.

  En 3º de primaria a intervención está centrada no ámbito comunicativo-lingüístico, e nas dificultades de articulación.

  En 4º de primaria a intervención está centrada nas dificultades de articulación.

## <u>Metodoloxía do Departamento de Orientación na Modalidade Virtual</u>

- Faránse conexións semanais cos alumnos e alumnas podendo ser individuais ou co grupo-clase dependendo das necesidades e da decisión derivada da coordinación co titor ou titora/ equipo docente.
- Elaboración de materiais específicos orientados ás necesidades do alumnado segundo criterios do Departamento de Orientación e en colaboración/coordinación cas titorías/equipos docentes.

- Estes materiais aportaranse tanto nas aulas virtuais do curso correspondente como no blog do Departamento de Orientación (OrientaSeoane).
- Os materiais/recursos elaborados estarán en relación cas características e necesidades do alumnado : lóxica matemática (numeración, cálculo, resolución de problemas matemáticos); ámbito comunicativo - linguístico, destrezas de aprendizaxe; destrezas emocionais; expresión corporal e artística...
- Eses recursos estarán ao alcance de toda a comunidade educativa co fin de que todos os nenos e nenas podan beneficiarse dos mesmos. Cada entrada no blog irá acompañada do curso ao que estará orientada e informarase ao respectivo titor do material creado.
- A metodoloxía levada a cabo nas sesión será de carácter lúdico, e estará orientada aos ámbitos do apoio.

# PROPOSTA DO ENSINO VIRTUAL PARA CADA NIVEL EDUCATIVO

## EDUCACIÓN INFANTIL - 1º E 2º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Educación Infantil e 1º e 2º Curso de Educación Primaria, no caso dun confinamento ou cuarentena total ou parcial, establecerán cauces de ensino a distancia. Cada curso ou nivel establecerá un traballo semanal priorizando actividades interactivas a través de videoconferencias, videos e actividades interactivas, onde nenos e nenas podan interactuar dunha maneira directa cos seus mestres e mestras. O traballo será elaborado e programado polo profesorado ordinario que imparte clases nas aulas e será necesario unha coordinación cos especialistas para non solapar horarios. Unha vez establecidos estes horarios informarán ao Equipo directivo do proceso e metodoloxía que van seguir, tendo en conta que poderán sufrir modificacións en función das dificultades atopadas.

Os mecanismos de traballo e comunicación serán:

- **Aula virtual** - Hai unha aula Virtual por nivel educativo cos mestres e mestras e alumnos e alumnas dados de alta. Durante o proceso de ensino ordinario, os mestres iniciaron o seu uso para familiarizar ás familias na entrada e acceso aos recursos. Nestas aulas virtuais hai un email por familia para establecer unha comunicación directa.
- **Abalarmóbil - email - teléfono** serán as principais vías de comunicacións coas familias. Será fundamental establecer unha comunicación frecuente para fomentar a participación das familias

no ensino a distancia e identificar as dificultades que podan ter e intentar solventalas.

- Poderá haber, enlazados nas Aulas Virtuais, accesos aos **Blogues Educativos** que os mestres e mestras teñan abertos durante o curso, que poda complementar o proceso de Ensino - Aprendizaxe.

## 3º EDUCACIÓN PRIMARIA

### - Características Xerais do Grupo

No Nivel de 3º de Educación Primaria hai dúas mestras titores que contan cun total de 43 alumnos e alumnas. Están repartidos en dúas clases: 3º A de 21 alumnos/as e 3º B de 22 alumnos/as.
Ademais, hai catro mestres especialistas para as áreas de Lingua extranxeira Inglés, Educación Física, Educación Artística Música e Relixión.
A diversidade de ritmos de aprendizaxe, intereses, realidades sociais, capacidades e dificultades, fai imprescindible que exista unha estreita colaboración có Departamento de Orientación tanto enfocado ao asesoramento da propia práctica docente como na atención específica do alumnado con necesidades educativas.
Neste nivel contamos, neste curso 2020 / 2021 con apoios semanais, dentro e fóra da aula ordinaria de profesoras especialistas de PT e AL.

### - Dificultades do Grupo para seguir o Ensino Virtual

Entre estes alumnos e alumnas hai varios con dificultades para seguir o Ensino Virtual desde a súa casa por diferentes circunstancias:

3ºA: Un alumno non ten acceso ao ensino virtual debido á inexistencia de recursos tecnolóxicos no seu fogar. A súa situación sociofamiliar non é favorable.

3ºB: Un alumno non ten acceso ao ensino virtual, pois non conta con recursos tecnolóxicos á súa disposición. A súa situación sociofamiliar e económica non é favorable.

### - Actividades previas á aplicación do Ensino Virtual

Durante o mes de setembro, outubro e novembro comezamos o traballo coa plataforma Moodle para que os alumnos e alumnas adquirisen as habilidades necesarias para desenvolver un ensino a distancia no caso de ser preciso. Levamos a cabo actividades complementarias ao traballo realizado na aula e centradas nas áreas instrumentais cunha periodicidade

- ## Profesorado

**Titoras**:

3ºA: Purificación Quiroga Aspilche (substituída por Blanca Cotovad Carneiro)

3ºB: Ana Belén Fernández Torres (substituída por Marina Santiago Pillado)

**Mestras especialistas:**

Beatriz Calvo Chouciño, especialista de Relixión Católica.

Natalia García Ríos, especialista de Lingua Extranxeira - Inglés.

Edelmiro Fernández Fernández, especialista de Educación Física.

Lara Valcuende Loma, especialista de Educación Musical (substituída por Paula González Domínguez).

Ana Pérez, especialista Pedagoxía Terapeútica

Marta Gómez, especialista en Pedagoxía Terapeútica.

MªEstela Naranjo Martínez, especialista en Audición e Linguaxe.

Orientadora: María Ruiz Moreda

- ## Horario

No caso dun confinamento, cuarentena ou illamento o nivel educativo seguiría o seguinte horario de traballo:

**3ºA**

| | LUNS | MARTES | MÉRCORES | XOVES | VENRES |
|---|---|---|---|---|---|
| 09:00-09:50 | (Videoconferencia) Matemáticas | (Videoconferencia) Lengua Galega e Literatura | Educación Física | (Videoconferencia) Lingua Castelá e Literatura | Lingua Estranxeira - Inglés |
| 09:50-10:40 | Matemáticas | Lengua Galega e Literatura | Educación Física | Lingua Castelá e Literatura | Lingua Estranxeira - Inglés |
| 10:40-11:30 | DESCANSO + HORA DE LER | | | | |
| 11:30-12:20 | Ciencias Naturais | Relixión/Valores Sociais e Cívicos | (Videoconferencia) Ciencias Sociais | 30' de Lengua Castelá e Literatura | (Videoconferencia) 30' de Matemáticas |
| 12:20-13:10 | Música | Traballo autónomo | Ciencias Sociais | TITORIAalumn@s | 30' de Lingua Galega e Literatura |
| 13:10- | Traballo | Traballo autónomo | Lingua Estranxeira | Traballo autónomo | Plástica |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| 14:00 | autónomo | | - Inglés | | |
| 16:00 - 17:00 | TITORIA PAIS | | | | |

En canto ás **titorías coas familias**, serán os luns de 16h a 17h. Para levalas a cabo utilizaremos diversas canles de comunicación, como Webex ou Falemos, correo electrónico ou chamada telefónica, co fin de facilitar o intercambio de comunicacion entre escola e familias.

**3ºB**

| HORAS | LUNS | MARTES | MÉRCORES | XOVES | VENRES |
|---|---|---|---|---|---|
| 09:00-09:50 | (Videoconferencia) Matemáticas | (Videoconferencia) Lengua Galega e Literatura | Lingua Estranxeira - Inglés | (Videoconferencia) Lingua Castelá e Literatura | Educación Física |
| 09:50-10:40 | Matemáticas | Lengua Galega e Literatura | Lingua Estranxeira - Inglés | Lingua Castelá e Literatura | Educación Física |
| 10:40-11:30 | DESCANSO + HORA DE LER | | | | |
| 11:30-12:20 | Ciencias Naturais | Traballo autónomo | (Videoconferencia) Ciencias Sociais | 30' de Lengua Castelá e Literatura | (Videoconferencia) 30' de Matemáticas |
| 12:20-13:10 | Traballo autónomo | Relixión/Valores Sociais e Cívicos | Ciencias Sociais | **TITORIAalumn@s** | 30' de Lingua Galega e Literatura |
| 13:10-14:00 | Música | Lingua Estranxeira - Inglés | Traballo autónomo | Traballo autónomo | Plástica |
| 16:00 - 17:00 | **TITORIA PAIS** | | | | |

Respecto ás **titorías coas familias**, serán os luns de 16h a 17h. Para levalas a cabo utilizaremos diversas canles de comunicación, como Webex ou Falemos, correo electrónico ou chamada telefónica, co fin de facilitar o intercambio de comunicacion entre escola e familias.

## - Metodoloxía da Modalidade Virtual

**Mestras titoras:**

A metodoloxía que empregaremos no ensino a distancia será variada. Programaremos videoconferencias diarias cunha duración aproximada dunha hora, que terán por finalidade a realización de explicacións ou resolución de dúbidas. A maiores, utilizaremos a aula virtual como soporte principal para a realización das tarefas, así como os seus foros para establecer canles de comunicación entre

profesorado e alumnado. As videoconferencias realizaranse a través de Webex ou Falemos con enlaces directos na plataforma Moodle.

Priorizarase que o alumnado acade os mínimos esixibles das diferentes materias cursadas, así como a contribución ao logro dos estándares de aprendizaxe que forman o perfil competencial. O traballo, entregas de tarefas e comunicación será a través da plataforma Moodle.

**Educación Musical**

A metodoloxía que empregaremos no ensino a distancia será variada. Programaremos videoconferencias cada quince días que terán por finalidade a realización de explicacións ou resolución de dúbidas. Colgaremos as nosas actividades na aula virtual semanalmente coa finalidade de que sexan realizadas.

As videoconferencias realizaranse a través de Webex ou Falemos con enlaces directos na plataforma Moodle.

**Relixión**

A metodoloxía que empregaremos no ensino a distancia será variada. Programaremos videoconferencias cada quince días que terán por finalidade a realización de explicacións ou resolución de dúbidas. Colgaremos as nosas actividades na aula virtual semanalmente coa finalidade de que sexan realizadas.

As videoconferencias realizaranse a través de Webex ou Falemos con enlaces directos na plataforma Moodle.

**Lingua Estranxeira - Inglés**

A metodoloxía que se empregará no ensino a distancia será variada. Programaremos videoconferencias cada quince días que terán por finalidade a realización de explicacións ou resolución de dúbidas.

Colgaranse as actividades na aula virtual semanalmente coa finalidade de que sexan realizadas.

As videoconferencias realizaranse a través de Webex ou Falemos para realizar explicacións ou aclaracións os videos explicativos das actividades propostas e programadas

con enlaces directos na plataforma Moodle.

Se os alumnos non puidesen acceder a videoconferencia a información facilitaríaselles por e-mail ou abalar mobil.

Seguiremos avanzando contidos priorizando os básicos e esenciais. Estes novos contidos irán sempre acompañados de vídeos explicativos que faciliten a súa aprendizaxe.

As actividades e tarefas colgaranse semanalmente na aula virtual.

As tarefas entregaranse semanalmente a través da aula virtual ou do correo electrónico.

Os traballos tamén se poderán entregar no correo habilitado específicamente e sempre teremos en conta o establecido na Programación Didáctica deste curso académico.

A avaliación na Lingua Inglesa será continua, tendo en conta as actividades feitas e recibidas así como valorando tamén a participación activa .

As ferramentas a empregar serán:

-Aula virtual: para a entrega de tarefas.

-Webex e Falemos para videoconferencias.

-Aula virtual e correo electrónico para a recollida das actividades propostas.

-Abalarmobil, correo electrónico e contacto telefónico para a comunicación coas familias sempre que sexa preciso.

**Educación Física**

Os recursos que empregaremos nun ensino a distancia serán diversos: videoconferencias, visionado de vídeos, documentos dixitais en distintos formatos, fotografías,...

Haberá unha videoconferencia semanal, segundo o horario que corresponda, que servirá para realizar as explicacións ou aclaracións oportunas á proposta semanal programada (que será subida á Aula Virtual) e ademais será unha canle de comunicación directa cos alumnos e alumnas. As videoconferencias

realizaranse a través de Webex ou de Falemos con enlaces directos na aula virtual para o seu acceso. Se os alumnos e alumnas non poideran acceder á videoconferencia por problemas de rede, terán a proposta de traballo subida Aula virtual e as dúbidas serán respondidas pola mensaxería da propia Aula.

Polo tanto, as ferramentas a empregar serán:

- Aula virtual: para a entrega de tarefas.
- Webex e Falemos para videoconferencias.
- Aula virtual e correo electrónico para a recollida das tarefas propostas.
- Abalarmobil, correo electrónico e contacto telefónico para a comunicación coas familias cando sexa preciso.

As actividades que se proporán terán un carácter predominantemente motriz, serán de obrigado cumprimento e deberán ser entregadas nos prazos que se establezan, sendo sensibles ás posibles dificultades que poidan xurdir con respecto aos medios tecnolóxicos e as limitacións en canto aos materiais e espazos dos que se dispoña.

Criterios de cualificación:

- Produccións do alumnado: fotos, vídeos, traballos, elaboración de materiais
- Comunicacións co profesorado: dúbidas, aportacións,...
- Entrega dos traballos en prazo.
- Creatividade nas respostas.

A cualificación será do seguinte xeito:

| | |
|---|---|
| 100% nota final | 70% Produccións do alumnado: fotos, vídeos, traballos, elaboración de materiais<br>10% Comunicacións co profesorado<br>10% Entrega das tarefas en prazo<br>10% Creatividade |

- **Procesos de Avaliación do Ensino Virtual (Por materias)**

**Mestras titoras:**

Dado que intentaremos seguir o avance nas materias, o proceso de avaliación seguirá o establecido na Programación Didáctica deste curso académico. Unicamente adaptaremos a metodoloxía de avaliación,

empregando os seguintes instrumentos:

- Exames orais a través de videoconferencias.
- Exames a través de APPs como Quizziz ou Kahoot!
- Entrega de tarefas.

No caso de que os alumnos e alumnas non poidan acceder á plataforma e/ou aos traballos propostos, estes poderán ser entregados por email ou no momento da reincorporación ao centro educativo.

**Educación Musical**

A avaliación na área musical será continua, tendo en conta os traballos recibidos e valorando a participación activa en dita asignatura.

Os traballos tamén se poderán entregar no correo habilitado específicamente e sempre teremos en conta o establecido na Programación Didáctica deste curso académico.

**Relixión**

A avaliación na área de relixión será continua, tendo en conta os traballos recibidos e valorando a participación activa en dita asignatura.

Os traballos tamén se poderán entregar no correo particular específicamente e sempre teremos en conta o establecido na Programación Didáctica deste curso académico.

- **Comunicación e Seguimento do alumnado**

A comunicación cos alumnos e alumnas será diaria, por medio das videoconferencias que realizaremos e a través da mensaxería da plataforma, a cal permite intercambiar mensaxes con eles e elas tanto de forma pública como privada. Para facilitarlle aos alumnos e alumnas o acceso as videoconferencias, tentaremos previamente programar un horario de conexión no que algún membro da familia poida axudar aos alumnxs a conectarse desde os seus domicilios, xa que somos conscientes das dificultades que poden aparecer nos primeiros momentos para conseguir unhas videoconferencias productivas.

Tamén utilizaremos Abalarmóbil e o correo electrónico das familias para manter unha comunicación fluida con estas.

No caso de contar con algún/algunha alumno ou alumna da que non obteñamos resposta durante varios

días, poñerémonos en contacto coa familia por vía telefónica para solucionar as dificultades que teñen para realizar o traballo académico na modalidade a distancia e solventalas na medida do posible.

- **Medidas de atención educativa ao alumnado que non poida seguir o ensino virtual**

Antes da aplicación deste plan de ensino a distancia, a Dirección do Centro estableceu un listado actualizado dos alumnos e alumnas que teñen dificultades para poder seguir esta modalidade de ensino virtual. Este listado enviarase á Inspección Educativa, que será a encargada de establecer as pautas de resolución ante estas dificultades.

- **Medidas de atención educativa ao alumnado con necesidades educativas**

Coa intención de seguir co proceso de ensino aprendizaxe coa maior normalidade posible, os especialistas de Audición e Linguaxe e Pedagoxía Terapéutica levarán a cabo as medidas de Reforzo Educativo que foron establecidas previamente polo Departamento de Orientación (adaptación de actividades e secuenciación de contidos). Para iso, as mestras titoras manterán unha comunicación fluída a través do móbil ou correo electrónico.

**4º Educación Primaria**

- **Características Xerais do Grupo**

O 4º curso de E.P  está formado por 46 alumnos (23 en cada aula) e 9 mestres.

Os mestres son: os dous titores, os especialistas de língua inglesa, música, E.F e relixión. Ademáis, o grupo de 4ºB conta co apoio de 3 mestres (2PT e 1 A.L.) que entran na aula para dar apoio individualizado a un alumno con n.e.e. da aula de 4ºB.

Son grupos heteroxéneos. Os nenos son moi inquedos, faladores e teñen conflictos entre eles.As nenas son tranquilas e moi traballadoras.

Hai un neno con nee asociadas a un TEA que requiere o apoio individualizado na aula.

A relación coas familias é boa.

- **Dificultades do Grupo para seguir o Ensino Virtual**

Hai varios alumnos con dificultades para seguir a ensinanza por non ter rede e a súa situación económica.

4º B: Un alumno, os seus pais están separados e a semana que lle toca coa nai non ten nin ordenador nin conexión a internet.

- **Actividades previas á aplicación do Ensino Virtual**

Durante o mes de outubro ensinámoslle a entrar na aula virtual e realizaron algunha tarefa na casa para entregar a través da aula e para comprobar as dificultades coas que se atopaban e que adquirisen as habilidades necesarias para levar a cabo unha ensinanza a distancia no caso de ser preciso.

Algúns alumnos non foron capaces de entregar as tarefas a través da aula. Algún alumno non entrou.

- **Profesorado**

Titores.

4º A: Manuel F. Paz Anido

4ºB: Ana María Siso Fernández

Especialistas:

Beatriz Calvo Chouciño especialista de Relixión Católica.
María Dolores Díaz Coello especialista de Lingua Extranxeíra- Inglés.
Edelmiro Fernández Fernández especialista de Educación Física.
Lara Valcuende especialista de Educación Musical, substituida por Paula González Domínguez.

Ana Pérez Vilariño especialista de Pedagoxía Terapéutica

Noelia Patiño Arias especialista de Audición e Linguaxe
Marta Gómez Vázquez especialista en Pedagoxía Terapéutica
María Ruiz Moreda: Orientadora Escolar

- **Horario**

HORARIO **4ºA**

| | LUNS | MARTES | MÉRCORES | XOVES | VENRES |
|---|---|---|---|---|---|
| 9:00-9:45 | L. INGLESA (videoconf) | MÚSICA | L. GAL (videoconf) | C. SOCIAIS (videoconf) | MATEM (videoconf.) |
| 9:45-10:40 | L. INGLESA | REL/VAL | L. GAL | C. SOCIAIS | L. CAST |
| 10:40-11:30 | MATEM. | MATEM. | E.F | MATEM | L. CAST |
| 11:30-12:00 / 12:00-12:20 | DESCANSO/LLECTURA | DESCANSO/LLECTURA | E.F | DESCANSO/LECTURA | DESCANSO/LLECTURA |
| 12:20- 13:00 | L. CAST (videoconf.) | C. NATURAIS (videoconf.) | DESCANSO | L. GAL | PLÁSTICA |
| 13:00-14:00 | L. CAST | C.N | **TITORIA alumn@s** | L. GAL | L. INGLESA |
| 16:00- 17:00 | **TITORIA PAIS** | | | | |

HORARIO **4ºB**

| | LUNS | MARTES | MÉRCORES | XOVES | VENRES |
|---|---|---|---|---|---|
| 9:00-9:45 | C.N (videoconf.) | MATEM. (videoconf.) | C.S. (videoconf.) | L.CAST. (videoconf.) | L.GAL (videoconf.) |
| 9:45-10:40 | C.N | MÚSICA | C.S | L.CAST | L.GAL |
| 10:40-11:30 | L. INGLESA | REL/VAL | MATEM. | E.F | MATEM |
| 11:30-12:00 / 12:00-12.20 | DESCANSO/ LECTURA | DESCANSO/LECTURA | DESCANSO/LECTURA | E.F | DESCANSO/LECTURA |
| 12:20- 13:00 | L.GALEGA | L. CAST | L. INGLESA (videoconf.) | DESCANSO | **TITORIA alumn@s** |
| 13:00-14:00 | L.GALEGA | L.CAST | L. INGLESA | MATEM | PLÁSTICA |
| 16:00-17:00 | **TITORIA PAIS** | | | | |

- ## Metodoloxía da Modalidade Virtual

**L. castelá- L.galega-Matemáticas-C. da Natureza- C. sociais-Plastica- Valores**

Haberá videoconferencias diarias para realizar explicacións ou aclaracións os videos explicativos , actividades propostas e tarefas de traballo programadas para as diferentes materias.

Realizaranse a través de Webex ou Falemos.Se os alumnos non puidesen acceder a videoconferencia a información facilitaríaselles por e-mail ou abalar mobil.

Seguiremos avanzando contidos priorizando os esenciais. Estes novos contidos irán sempre acompañados de vídeos explicativos que faciliten a súa aprendizaxe.

As actividades e tarefas colgaranse semanalmente na aula virtual.

As tarefas entregaranse semanalmente a través da aula virtual ou do correo electrónico

### Lingua Extranxeira -Inglés:

A metodoloxía que se empregará no ensino a distancia será variada. Programaremos videoconferencias cada quince días que terán por finalidade a realización de explicacións ou resolución de dúbidas.

Colgaranse as actividades na aula virtual semanalmente coa finalidade de que sexan realizadas.

As videoconferencias realizaranse a través de Webex ou Falemos para realizar explicacións ou aclaracións os videos explicativos das actividades propostas e programadas

con enlaces directos na plataforma Moodle.

Se os alumnos non puidesen acceder a videoconferencia a información facilitaríaselles por e-mail ou abalar mobil.

Seguiremos avanzando contidos priorizando os básicos e esenciais. Estes novos contidos irán sempre acompañados de vídeos explicativos que faciliten a súa aprendizaxe.

As actividades e tarefas colgaranse semanalmente na aula virtual.

As tarefas entregaranse semanalmente a través da aula virtual ou do correo electrónico.

Os traballos tamén se poderán entregar no correo habilitado específicamente e sempre teremos en conta o establecido na Programación Didáctica deste curso académico.

A avaliación na Lingua Inglesa será continua, tendo en conta as actividades feitas e recibidas así como valorando tamén a participación activa .

As ferramentas a empregar serán:

-Aula virtual: para a entrega de tarefas.

-Webex e Falemos para videoconferencias.

- Aula virtual e correo electrónico para a recollida das actividades propostas.

-Abalarmobil, correo electrónico e contacto telefónico para a comunicación coas familias sempre que sexa preciso.

**Educación Musical**

A metodoloxía que empregaremos no ensino a distancia será variada. Programaremos videoconferencias cada quince días que terán por finalidade a realización de explicacións ou resolución de dúbidas. Colgaremos as nosas actividades na aula virtual semanalmente coa finalidade de que sexan realizadas.

